

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CUNTIS

Subvencións e axudas

PUBLICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO EXERCICIO 2017

Disposicións Xerais:

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades en 2017, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrancia, non discriminación e igualdade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que, en xeral contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos/as veciños/as do Municipio.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos; 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local; 40.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais; Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; e Bases de Execución do Orzamento vixentes.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo ás partidas orzamentarias 334/48101, do orzamento para o ano 2017 sen que poidan exceder no seu conxunto de 9.500,00 euros.

1.—Obxecto da subvención

Poderán ser obxecto de subvencións as seguintes actividades das asociacións.

- **Actividades:** Concertos, festivais de música e baile, teatro, xornadas divulgativas, charlas, presentacións de libros, encontros temáticos, festas populares e verbenas, intercambios culturais, escolas e obradoiros, deportivas, etc.

Quedan excluídos da presente convocatoria e, por tanto, non serán obxecto de subvención as seguintes actividades:

- -As actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou axudas do Concello de Cuntis.
- Todas aquelas actividades destinadas ao culto e exaltación de santos e outros elementos de categoría relixiosa (tal e como se recolle na moción aprobada polo



Mércores, 14 de xuño de 2017

Núm. 113

Pleno do Concello no Pleno Ordinario do mes de Xaneiro de 2017). Non entrarán dentro desta exclusión aquelas actividades lúdico-festivas que se celebren en torno a romaxes e tradicións locais de arraigada celebración”.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será desde o remate do período da convocatoria anterior, é dicir, desde o 16 de outubro 2016 ata o 15 de outubro de 2017, sen posibilidade de prórroga.

2.—Beneficiarios/as

As destinatarias das subvencións serán entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- 1.—Estar legalmente constituídas.
- 2.—Carecer de ánimo de lucro.
- 3.—Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Cuntis.
- 4.—Estar inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Cuntis na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes destas subvencións.

3.—Documentación para a solicitude

Cada entidade solicitante poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria e cada solicitude conterá un único proxecto, o cal pode incluír unha ou varias actividades, pero sempre baixo o mesmo epígrafe do proxecto. En ningún caso o proxecto conterá a programación anual con todas as actividades que se realicen ao longo de todo o ano.

As solicitudes presentaranse xunto coa seguinte documentación:

- 1.—Instancia en modelo normalizado asinada pola presidenta ou presidente da entidade na que conste a contía da subvención que se solicita. (Anexo I)
- 2.—Copia do DNI da persoa solicitante.
- 3.—Memoria explicativa do proxecto para o que se solicita a subvención. Nesta memoria haberá que incluír como mínimo: especificación da actividade ou actividades que se levarán a cabo dentro deste proxecto, obxectivos, a quen vai dirixido, número previsto de destinatarios e destinatarias, data e lugar de celebración.
- 4.—Presuposto detallado (global e por conceptos) dos gastos ocasionados polo proxecto para o que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento (cotas, donativos...)
- 5.—Declaración de se solicitaron ou lles foron concedidas outras subvencións para o mesmo proxecto procedentes de calquera administración, ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.



Mércores, 14 de xuño de 2017

Núm. 113

6.—Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.

7.—Declaración responsable de que se atopan ao corrente nas súas obrigas fiscais co Concello de Cuntis, das súas obrigas tributarias (Hacienda e Facenda) e coa Seguridade Social. (Anexo III)

8.—Declaración responsable de que a asociación non está incurso en causa algunha de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. (Anexo III)

Se se apreciasen defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, quedando excluídos do procedemento no caso de non efectuarse estas, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4.—Prazo de solicitudes

As entidades interesadas poderán solicitar as subvencións no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fora inhábil, prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte.

As solicitudes de subvención formalizaranse nos impresos oficiais que se facilitarán no Departamento de Cultura e Xuventude ou na páxina web www.concellodecuntis.es e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.—Concesión de subvencións

Establécese como Órgano Instrutor encargado de formular a proposta de resolución e demais facultades recollidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ao órgano colexiado creado ao efecto e integrado polos seguintes membros:

Presidente: Concelleiro de Cultura, Turismo, Comercio, Normalización Lingüística, Educación e Xuventude.

Vocais: Técnica de Cultura e Xuventude do Concello de Cuntis

Secretaría da Corporación.

Interventor da Corporación.

Un representante de cada partido político con voz pero sen voto



Secretario/a: Un/ha funcionario/a da Corporación que actuará con voz pero sen voto.

O Órgano Colexiado examinará cada unha das solicitudes presentadas e aplicará os criterios de valoración fixados nestas bases, a fin de establecer unha relación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol daquelas que obtiveran maior puntuación. Repartirase o crédito existente entre todas as solicitudes presentadas en proporción á puntuación acadada, sen ter en conta a contía total do proxecto.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitudes para as que se propón a concesión de subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada unha, por aplicación dos criterios de valoración.

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é o Concelleiro de Cultura, Turismo, Comercio, Normalización Lingüística, Educación e Xuventude do Concello de Cuntis, previa proposta do Órgano Colexiado designado ao efecto, de acordo cos seguintes criterios de avaliación ponderables, que serán aplicados á vista da documentación presentada polas e polos solicitantes

6.—Valoración e concesión

Para adxudicar as axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- O carácter continuado e non ocasional do proxecto: máis de 5 anos–5 puntos/ máis de 3 anos–3 puntos/ de 0 a 2 anos – 1 punto.
- A súa proxección social:
 - Poboación xeral / Todo o concello – 5 puntos.
 - Máis dun sector da poboación /Varias parroquias do concello – 3 puntos.
 - Un sector da poboación / Asociados – 1 punto.
- Proxectos que contribúan á difusión do idioma galego: 3 puntos.
- Proxectos que contribúan á difusión da cultura galega: 3 puntos.
- O grado de coordinación e complementariedade cos programas desenvolvidos por este Concello a través da área de cultura municipal, así como a colaboración no desenvolvemento de actividades municipais de utilidade pública e social (deportivas, culturais, educativas...): máximo 10 puntos.

Esta coordinación deberá de xustificarse mediante a presentación de escrito que así o indique, debidamente asinado e selado pola Técnica ou Político correspondente.

- Colaboración con outras entidades, sexan de Cuntis ou doutros concellos, na organización e posta en marcha das actividades: 2 puntos.
- A calidade dos proxectos: 2 puntos.
- O seu carácter innovador: 2 puntos
- -Adecuación das necesidades ou demandas da poboación destinataria:



- Concordancia e actividades para varias áreas (cultura, turismo, xuventude, servizos sociais, etc.) – 5 puntos.
- Un único sector de actividade – 3 puntos.
 - A defensa da igualdade entre homes e mulleres, valorando a puntuación máxima se o tema principal do proxecto é este e un punto por cada unha das seguintes accións concretas que se mencionen expresamente: a linguaxe non sexista, participación equilibrada de homes e mulleres na organización das actividades, indicadores de medida de participación, medidas para a contribución á igualdade, accións que transmitan a importancia da igualdade. Máximo 5 puntos.
 - Defensa dos animais:
 - Se inclúen algunha actividade que se centre na defensa e protección dos animais–3 puntos.
 - Se non inclúen nada – 0 puntos.

A contía a percibir será proporcional aos puntos acadados, para o cal primeiro realizarase o outorgamento de puntuacións e, posteriormente, dividirase o total da subvención (9.500 €) entre a suma de tódolos puntos obtidos das solicitudes presentadas, o resultado será o valor do punto en euros, asignándose o importe de cada unha segundo os puntos conseguidos. Deberase ter en conta que, o importe de cada subvención individualmente concedida non poderá superar os 1.000 euros, e que o Concello achegará ata o 80% do investimento subvencionable.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, ben illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

A resolución da concesión será notificada á institución interesada no prazo de tres meses unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes. A falta de resolución expresa producirá efectos desestimatorios, e contra a desestimación expresa ou presunta poderán formularse os recursos que procedan.

7.—Obrigas das entidades beneficiarias

Son obrigas das entidades beneficiarias:

- Realizar todas as actividades do proxecto que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- Xustificar o cumprimento dos requisitos, así como a realización do proxecto e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración do destino non autorizada polo Concello.
- Só se subvencionarán proxectos que estean correctamente realizados en galego, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do



15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro), e nas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega na sesión plenaria do día 12 de xullo de 2003).

- -Os proxectos subvencionables respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo co preceptuado no artigo 10 da citada Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- O sometemento ás actuacións de comprobación do Concello da efectiva realización das actividades para as que se concede a subvención.
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- Facilitar canta información sexa requirida polo Concello, polo Tribunal de Contas ou a intervención municipal.
- Acreditar, na fase de xustificación e de pago de subvención, que está ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, das súas obrigas tributarias (Facenda e Hacienda) e fronte á Seguridade Social, situación a primeira que se apreciará de oficio por este Concello, sen prexuízo da esixencia da certificación neste senso polo secretario da asociación.
- Dispoñer dos libros contables e demais documentos debidamente auditados nos termos da lexislación mercantil.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- Sinalar en todo tipo de publicidade que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Cuntis.
- Proceder ao reintegro dos fondos recibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

8.—Documentación para a xustificación e cobro das subvencións

Para o cobro das subvencións as entidades presentarán a seguinte documentación:

1.—Facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil a nome da asociación, en orixinal ou fotocopias compulsadas.

2.—Deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria antes do término do prazo de xustificación.

A presentación de copias compulsadas seguirá o seguinte procedemento:

a) A factura orixinal será presentada no Concello de Cuntis.

b) Unha vez presentada, no caso de que a entidade interesada solicite a devolución da factura orixinal, a técnica de cultura realizará a seguinte dilixencia que constará en ambos documentos (na factura orixinal e na copia)



Mércores, 14 de xuño de 2017

Núm. 113

“Esta factura foi utilizada no Concello de Cuntis para a xustificación da subvención... por importe de”

c) Poderase incluír na dilixencia un importe inferior ao total da factura, co obxecto de que parte da mesma xustifique esta subvención e o importe restante se use para xustificar outras subvencións.

d) Feita a dilixencia devolvanse as facturas orixinais a entidade interesada que o solicitase.

3.—Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade da actividade, con expresa mención dos resultados obtidos, debidamente asinada polo representante.

4.—Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando:: provedor, CIF, número de factura, concepto, data de emisión, importe e data de pago. (Anexo II)

5.—Certificación do/a secretario/a da entidade co visto e prace do/a presidente/a do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, na cal se especifique claramente o concepto subvencionado. De ser afirmativa, deberá expresar os importes e a súa procedencia. No caso de que se lle conceda outra subvención por esta mesma finalidade no prazo de vixencia da presente convocatoria, a entidade está obrigada a comunicalo.

6.—Mostras materiais da realización do proxecto subvencionado (informe de prensa, disquetes, publicacións, fotografías lexibles, vídeos, gravacións magnetofónicas, etc.) e do correcto emprego do galego.

7.—Declaración responsable de que se atopan ao corrente nas súas obrigas fiscais co Concello de Cuntis, das súas obrigas tributarias (Hacienda e Facenda) e coa Seguridade Social; autorizando ao Concello de Cuntis a facer estas comprobacións en calquera momento. (Anexo III)

As entidades que resulten beneficiarias deberán achegar xustificación para o cobro da subvención con data límite 31 de outubro de 2017, sen posibilidade de prórroga, quedando anulada a subvención unha vez transcorrido o prazo.

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos de material e servizos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude.

Con carácter xeral, non terán a consideración de subvencionabeis os conceptos que a seguir se relacionan:

- Adquisición de material inventariable (ordenadores, cámaras, etc.).
- Compra de libros, material didáctico ou vestiario, con distintos fins dentro das accións que se propoñan. Só se aceptará este tipo de gasto cando se acredite que resulta imprescindible para a realización do proxecto (o que se fará constar na

Código seguro de verificación: YH0AEVRNNTVWXIQS



Mércores, 14 de xuño de 2017

Núm. 113

memoria que se xunte á solicitude) e sempre que no concepto das facturas que se acheguen conste a actividade desenvolvida.

- Gastos relativos á celebración de ágapes e actos análogos (salvo no caso da subvención a festas gastronómicas)

Na elaboración de revistas, boletíns, folletos e similares, o gasto xustificárase preferentemente con facturas expedidas por imprentas e coas relativas á súa distribución, de ser o caso.

Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde. Tampouco serán admisibles gastos de alimentación (comida ou bebida), nin os de durmir.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos:

- Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto da subvención.
- Facturas que conteñan conceptos non subvencionables (aínda que dentro das mesmas consten conceptos subvencionables).
- Facturas que non veñan presentadas en tempo e forma.
- As cantidades satisfeitas ao Concello por calquera concepto.

Á vista da documentación xustificativa presentada, previo informe de Intervención, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades ou inversión subvencionada, e se a documentación é correcta procederase ao pago da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

Esixírase a xustificación do 100% do orzamento presentado para recibir a totalidade da subvención. No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do orzamento subvencionado aboarase a parte proporcional da subvención.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

9.—Reintegro de subvencións

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Disposicións Finais

Os/as beneficiarios/as das subvencións quedarán sometidos/as ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e demais normas concordantes.



Mércores, 14 de xuño de 2017

Núm. 113

ANEXO I

SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	-----------------------------

1.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE :

Denominación da Entidade:		C.I.F.:		
Domicilio Social: Rúa/Lugar/Parroquia,		Nº		
Concello:	Provincia:	C.P.:	Teléfono:	Fax:

2.- DATOS DO/A REPRESENTANTE:

Nome e Apelidos:		Domicilio: Rúa/Lugar/Parroquia Nº		
Concello:	Provincia:	C.P.:	Representación que ostenta	

3.-DATOS BANCARIOS:

Titular:	Entidade:	Enderezo:
Número de conta corrente:		

4. CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA CAPACIDADE DE REPRESENTACIÓN DO SOLICITANTE.

D/Dª _____, na súa condición de _____ da Entidade, CERTIFICA que o/a petionario/a posúe representación e capacidade suficiente para formular a presente solicitude, así como para percibir, no seu caso a axuda solicitada. (Sinatura e selo)	
Importe total do gasto previsto:	Importe da cantidade solicitada:

A Cubrir pola Administración:

Convocatoria:	Nº de expediente:	Revisado e conforme, (sinatura e data)
---------------	-------------------	--

Documentación que se xunta:

- Copia do DNI do/a solicitante.
- Memoria explicativa do proxecto.
- Presuposto detallado dos gastos ocasionados polo proxecto.
- Declaración de se solicitaron ou concederon outras subvencións para o mesmo proxecto.
- Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Anexo III)
- Declaración responsable de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou prohibición. (Anexo III)

Data e sinatura do/a solicitante (representante):

SR. CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA, TURISMO, COMERCIO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, EDUCACIÓN E XUVENTUDE

A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderá dar lugar, no seu caso, ás correspondentes sancións administrativas ou de calquera índole que procedan.

Código seguro de verificación: YH0AEVRNNTVWXIQS



Mércores, 14 de xuño de 2017

Núm. 113

ANEXO II CONTA XUSTIFICATIVA DE GASTOS					
D./Dña _____ en calidade de Presidente/a,					
D./Dña _____ en calidade de Secretario/a,					
D./Dña _____ en calidade de Tesoreiro/a,					
D./Dña _____ en calidade de representante da Asociación					
DECLARA:					
a) Que para a actividade ou investimento _____ recibiu unha subvención de _____ e realizáronse os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:					
Nº	Establecemento	C.I.F.	Nº Factura	Concepto	Importe
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
TOTAL					
c) Que os gastos que arriba se detallan son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.					
d) Que a esta entidade <u> </u> SI / <u> </u> NON se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade.					
Relación de axudas concedidas e/ou solicitadas a outros organismos públicos e entidades privadas pendentes de resolución					euros
					euros
					euros
e) Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións para a actividade/investimento non superaron o importe total dos gastos devengados.					
f) Que o custo total da actividade/investimento ascendeu a <input style="width: 50px;" type="text"/> euros.					
g) Que se fixo a debida divulgación do financiamento do Concello de Cuntis na actividade/investimento subvencionada.					

....., de de 20.....

Asdo.: o/a solicitante/representante

A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderá dar lugar, no seu caso, ás correspondentes sancións administrativas ou de calquera índole que procedan.

Código seguro de verificación: YH0AEVRNNTVWXIQS



Mércores, 14 de xuño de 2017

Núm. 113

ANEXO III DECLARACIÓN XURADA	
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
Nome da asociación _____	
CIF asociación _____	
Nome e apelidos representante _____ NIF/DNI/NIE _____	
Enderezo _____ Nº _____ C.P. _____ Localidade _____ Provincia _____	
Enderezo notificación _____	
Tif./Fax _____ Tif. Móbil _____ Correo electrónico _____	
DECLARO	
<ul style="list-style-type: none">A esta Asociación <input type="checkbox"/> SI / <input type="checkbox"/> NON se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade.	
- Relación de axudas solicitadas:	
Organismos públicos e entidades privadas	Importe
_____	_____
_____	_____
- Relación de axudas concedidas:	
Organismos públicos e entidades privadas	Importe
_____	_____
_____	_____
<ul style="list-style-type: none">Esta Asociación non está incurso en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, segundo o artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.Esta Asociación está ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten débedas de ningún tipo co Concello de Cuntis. Así mesmo, autoriza ao Concello de Cuntis a facer estas comprobacións en calquera momento.	

Cuntis, ____ de _____ de 20__

(Sinatura)

Código seguro de verificación: YH0AEVRNNTVWXIQS

